



POPULAR



*Grupo Municipal Popular  
Santiago de Compostela*

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **Proposición para o seu debate no Pleno Municipal.**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A través dunha información facilitada polo propio Grupo de Goberno, este Grupo Municipal tivo coñecemento dunha suposta adhesión do Concello de Santiago á unha chamada “Red de Ciudades Refugio” que ao parecer se está a organizar por parte do Concello de Barcelona.

De terse producido esta adhesión, ademais de mostrar un claro desprezo da representación municipal, implicaría unha contradición coa decisión de colaboración coas institucións públicas con competencias nesta materia “para contribuír, de forma solidaria, a resolver esta situación”, tal e como foi acordado na declaración institucional subscrita por unanimidade no transcurso do último Pleno da Corporación.

Non sería esta a primeira vez que constatamos que desde o Grupo de Goberno, e en concreto desde a Alcaldía, se toma a decisión de adherir a institución municipal a unha organización ou entidade sen preocuparse, non só de solicitar a opinión dos demais grupos que forman a Corporación, senón mesmo de informar aos respectivos portavoces dunha decisión que lle afecta ao conxunto da cidadanía e, polo tanto, ao conxunto dos grupos municipais que representan o vontade popular.

Chove, pois, sobre mollado, e a pesar das promesas e das boas intencións expresadas ao inicio do mandato, o Goberno local segue a ir por libre, desprezando a representatividade municipal, e actuando de forma unilateral en cuestións que exceden do seu exclusivo ámbito competencial.

Para evitar que este *modus operandi*, se converta nun costume e poida dar lugar ao cuestionamento deste tipo de decisións, comprometendo a imaxe da cidade e das propias organizacións que confían no recto proceder de quen ostenta a dirección da institución municipal, o Grupo Municipal Popular formula a seguinte proposta de **ACORDO**:

***O Pleno insta ao correspondente órgano de Goberno a que, antes de proceder a adherir o Concello, como institución municipal, a calquera organización ou institución de agrupación voluntaria, se someta a decisión á consideración do Pleno Municipal.***

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2015



Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Municipal Popular